

Caudalosa fervenza

Cronos e as máscaras



ROMÁN RAÑA

Chega a nós a edición da poesía de Ramón Caride Ogando co suxerente título de *As máscaras de Cronos*. Sobradamente recoñecido como narrador, poucos lectores saben que en realidade o noso autor comezou a súa andadura literaria cos poemarios *Paisaxe de verde chuvia* (1986) e *Tudo quanto há no mundo* (1989), obras que aquí non se recollen. A compilación comeza con *Cerne das labaredas* (1994), un libro breve pero intenso, marcado pola confidencia, pola ruína dos nomes, polo traballo de nomear o xa evidente, polo cansazo e milagre de repetir aquilo que foi dito e que, porén, parece novo novamente: “hai milleiros de poemas por facer aínda/e non obstante todo está xa dito”. Despois fulgura o amor e a súa prolongación nos fillos, como acontece no conmovedor último poema.

O segundo poemario, *Flor no deserto* (1995), é o máis ambicioso nacido da súa pluma. Estamos ante un Ramón Caride máis plural, máis lúcido e máis misterioso, máis límpido e máis imprevisto. O poeta estrutura a obra en circuítos acompañados por un elemento primordial da natureza (o lume, a néboa, a cinza...). Dentro desta trama vislumbramos fragmentos de cidades, historias que se truncan, sabios aforismos (“calquera acto sen amor é unha condena”) moitas veces poéticos (“defendemos a soidade como arma necesaria”) mentres o ton vai propendendo a unha narratividade insinuante: “as fírgoas das persianas escoaban/un sol gastado veciñal de patio/mais pra nós era a luz da creación”.

Aparecen como alustros historias de namorados, un erotismo comunal e obsesivo, un “nós” como suxeito poemático que se dispersa nunha constancia que non se repite e que acha culminación en versos de caudalosa fervenza onde a sintaxe xa é ruína da paixón, rebelde ritmo: “nin tampouco a fin a fin meu único amigo/fin que é muller como calquera viaxe/quédate esta noite cando xa nada importa.”

En *Xeografías do sal* (1999) hai unha explícita aclamación do amor con poemas que van repasando o alfabeto da vehemencia amorosa, onde non faltan tampouco homenaxes a poetas falecidos, a amigos, a Cambados, a Ramón Cabanillas, tan querido polo autor. *Diacrónica* e *Addenda*, inéditos, completan o volume precedido por un apaixonado prólogo de Xosé Lois García.

CARIDE OGANDO, Ramón, *As máscaras de Cronos*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 299 páxinas

